



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia económica

Materia	Historia: Historia económica			
Código	V03G020V01103			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Martínez Domínguez, María Blanca			
Profesorado	Martínez Domínguez, María Blanca Vallejo Pousada, Rafael			
Correo-e	blancam@uvigo.es			
Web	http://http://fccee.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende mostrar ao alumnado os cambios económicos, industriais e organizativos o longo da historia, usando ferramentas teóricas e empíricas doutras ramas da economía e das ciencias sociais próximas.</p> <p>Así terá por obxecto analizar o desenvolvemento da economía internacional e das grandes fases do crecemento económico moderno.</p> <p>Observar e analizar os efectos de acontecementos cruciais. Investigar as implicacións dos cambios nas institucións económicas de carácter global (por exemplo, o patrón ouro, os bloques comerciais e o FMI) e os efectos do cambio tecnolóxico a curto, medio e longo prazo.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Pensamento crítico e autocrítico
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C2	Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía
C4	Posuír e comprender coñecementos sobre o marco económico que regula as actividades empresariais, e a correspondente normativa
C5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
C16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante
D1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial
D3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
D4	Compromiso ético no traballo
D5	Motivación pola calidade e mellora continua

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprender e comprender o proceso de crecemento e desenvolvemento económico a longo prazo.	B1	C2	D1
	B2	C4	D3
	B5	C5	D4
	B13	C6	D5
		C16	

Coñecer e analizar o proceso de nacemento e transformación das principais institucións económicas a longo do tempo.	B1 B2 B5 B13	C2 C4 C5 C16	D1 D3 D4 D5
Distinguir os condicionantes e as forzas que impulsaron o frenaron o desenvolvemento económico a longo prazo.	B1 B2 B5 B13	C2 C4 C5 C6 C16	D1 D3 D4
Identificar as fases do crecemento económico moderno e coñecer os cimentos do cambio económico a longo prazo.	B1 B2 B5 B13	C2 C4 C5 C6 C16	D1 D3 D4 D5
Comprender os procesos de aparición, transformación e crise das formas de organización empresarial a longo do tempo.	B1 B2 B5 B13	C2 C4 C5 C6 C16	D1 D3 D4 D5

Contidos

Tema	
Tema 1. Introducción á historia económica mundial.	Historia económica e crecemento económico. Periodización e conceptos económicos básicos para a análise histórica. Visión panorámica da historia económica de occidente.
Tema 2. As economías europeas preindustriais.	As flutuacións seculares. Poboación, produción e distribución do produto agrario. Evolución do comercio e da manufactura.
Tema 3. A Revolución Industrial 1750-1870	Crecemento económico e marco institucional. O proceso de industrialización: factores de produción e innovacións. Revolución Industrial e difusión da industrialización.
Tema 4. As relacións económicas internacionais no século XIX: A primeira Globalización	O comercio internacional e a primeira globalización 1870-1913 O movemento internacional de factores. O sistema monetario internacional: o patrón ouro. A segunda revolución tecnolóxica
Tema 5. A economía internacional no século XX	Os problemas económicos do período de entreguerras (1919-1939). A economía internacional na época dourada do capitalismo (1945-1973). A crise, as modificacións da economía mundial (1973-2010).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	45	75
Seminario	20	20	40
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	33	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Mediante esta metodoloxía, co apoio audiovisual, presentárase de maneira sintética, secuencial e motivadora os aspectos claves dos contidos fundamentais da materia. As primeiras sesións estarán adicadas a ofrecer unha visión panorámica da materia e conceptos básicos de historia económica; as restantes sesións estarán destinadas a exposición do temario. A pesar de que o método destas sesións é fundamentalmente expositivo, promoverase a participación activa do estudantado.
Seminario	Nos seminarios traballaranse temas monográficos e requirirán algún traballo previo de preparación por parte do estudantado. É unha instancia para socializar, depurar e sintetizar os coñecementos adquiridos na preparación da sesión. Concíbese como un proceso de aprendizaxe continuado. Engloban actividades heteroxéneas, deseñadas d'acordo a obxetivos e contidos diversos. Comprenden entre outras: análises e /o de comentarios de series estadísticas, gráficos ou textos, resolución de exercicios, discusión de documentos históricos, ou ben a realización dun esquema, síntese ou mapa conceptual do material previamente distribuído. Todas estas tarefas realizaranse individualmente ou por equipos de traballo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Traballo en conxunto co alumnado

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Evaluación da coherencia e calidade do traballo, esquema, síntesis ou mapa conceptual, ou a valoración dos exercicios (comentario e análise de gráficos, series estadísticas, ou textos, a resolución de cuestións e problemas). Valorarase a asistencia, a participación, o cumprimento, a aptitude, os aspectos formais (redacción, sintaxis, ortografía, ...) así mesmo a expresión oral.	60	B1 B2 B5 B13	C2 C4 C5 C6	D1 D3 D4 D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas de desenvolvemento sobre os contidos do temario e das actividades realizadas nos traballos en aula. As respostas tendrán que estar estruturadas, e razoadas correctamente. Se valorará a súa redacción correcta, clara e comprensibel.	40	B1 B2 B5	C2 C4 C5 C6	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir entre dous tipos de avaliacións.

A -AVALIACIÓN CONTINUA:

O alumnado poderá **renunciar** a Avaliación Continua (**AC**), no **prazo** establecido, desde o **11 de setembro ao 13 de outubro ás 14 horas**, no curso vixente. É necesario e obrigatorio formalizar a renuncia por escrito e comunicalo ao profesorado da materia.

A asistencia as clases prácticas é obrigatoria. As sesións de prácticas son 8 e cada sesión é de 2 horas e 30 minutos.

A nota final do curso será a nota obtida nas probas realizadas nos seminarios durante o cuatrimestre, con unha ponderación sobre o total dun 60% e a calificación obtida na última proba, que coincidirá coa data de Avaliación Global (AG) con unha ponderación dun 40% do total.

B- AVALIACIÓN GLOBAL:

O alumnado que elixe a modalidade de **Avaliación Global (AG)** terá que realizar unha proba final escrita que suporá o 100% da cualificación numérica de 0 a 10.

Esta modalidade (AG) conleva a obriga de realizar as prácticas e subilas a plataforma docente, onde se establecerá un grupo específico de alumnos de "**Renuncia a AC**", xa que a proba final escrita consta das partes que conforman a materia, a teoría e a práctica.

Para superar a materia é imprescindible obter un 5 en cada unha delas.

Na Convocatoria de **Fin de Carreira** a proba escrita suporá o 100% da calificación. A materia que integra esta convocatoria é a desenvolvida no curso vixente.

As datas e os horarios das probas de avaliación nas diferentes convocatorias e oportunidades son as especificadas no calendario da páxina web da Facultade. <http://fccee.uvigo.es>

O estudiantado ten dereito a **titorías** nos horarios publicados na plataforma docente moovi. É necesario concertar unha cita de titoría ao profesorado que imparte a materia por correo electrónico.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALLEN, R. C., **Historia económica mundial: una breve introducción**, Alianza, 2013

- CAMERON, R.; NEAL, L., **Historia económica mundial: desde el Paleolítico hasta el presente**, 5ª, Alianza, 2016
- CAMPS CURA, E., **Historia Económica Mundial. La Formación de la economía internacional (Siglos XVI - XX)**, Mc Graw Hill, 2013
- COMÍN, F.; HERNANDEZ, M.; LLOPIS, E. (eds.), **Historia económica mundial: siglos X-XX**, Crítica, 2005
- FELIU, G.; SUDRIÀ, C., **Introducción a la historia económica mundial**, 2ª, Publicaciones Universidad de Valencia, 2013
- PALFOX, J. (Ed), **Los tiempos cambian. Historia de la economía**, Tirant Humanidades, 2014
- TELLO, E. y GORDILLO, X. (coords.), **Guía práctica de historia económica mundial**, Universitat de Barcelona, 2005
- Bibliografía Complementaria**
- COMÍN COMÍN, F., **Historia Económica Mundial. De los orígenes a la actualidad**, Alianza, 2011
- DE VRIES, J., **La revolución industrial. Consumo y economía doméstica desde 1650 hasta el presente**, Crítica, 2009
- KENWOOD, A.G. y LOGHEED, A.L., **Historia del desarrollo económico internacional**, 4ª, Itsmo, 1992
- MADDISON, A., **La Economía mundial: una perspectiva milenaria**, Mundi-Prensa, 2002
- WILLIAMSON, J.G., **Comercio y Pobreza, Cuando y cómo comenzó el atraso del Tercer Mundo**, Crítica, 2014
- ZAMAGNI, V., **Historia económica de la Europa Contemporánea**, Crítica, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Aínda que non hai ningún requisito formal para o seguimento da materia, sería conveniente que o alumnado tivera:

1. Coñecementos básicos de xeografía e historia contemporánea de Occidente (grandes procesos e feitos máis relevantes).
2. Certos coñecementos e experiencia na realización de esquemas, mapas conceptuais, resumo e síntese.
3. Manexo básico de follas de cálculo (ex.: Excel), procesadores de texto (ex.: Word), TIC.
4. Certa experiencia na procura de información e bases de datos en Internet.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que levan a cabo co alumnado na materia, e concíbese de forma flexible.

Así mesmo, achegaráselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. Utilizarase a plataforma Moovi.uvigo.es
